

ORDENANZA FISCAL Nº 33 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS PRESTADOS POLOS CENTROS COMUNITARIOS CASAS DA MARIÑA E MANUELA PÉREZ SEQUEIRO

ARTIGO 1 FUNDAMENTO E NATUREZA

Ao abeiro do previsto na Lei reguladora das facendas locais, no Regulamento de réxime interior, organización e funcionamento dos centros comunitarios municipais (CCM) e centro comunitario integrado (CCI), este concello establece o prezo público polos servizos prestados nos CCM para persoas maiores e o CCI, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2 FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imposable do prezo público a prestación dos servizos públicos dos CCM e CMI, que abranguen os centros comunitarios municipais e o centro de día, cuxas tarifas están contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTIGO 3 SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza aquelas persoas que asistan aos centros e se beneficien dos servizos ou actividades realizados polo concello ou entidade concesionaria do servizo ao que se refire o artigo anterior e que constitúen o feito imposable do prezo público.

ARTIGO 4 RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
2. A responsabilidade esixirase, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previstos na Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5 BENEFICIOS FISCAIS

5.1. Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deben satisfacer por este prezo público.

5.2. Non obstante o disposto no apartado anterior, o artigo 7 desta ordenanza contén tarifas reducidas para a estancia e prestacións no centro de día, contempladas no artigo 6.1 apartados a1 e a2, así como o custo de transporte prestado polo concello ou a concesionaria, resultantes dunha bonificación sobre o copago do usuario, ou o importe do servizo, aplicables en función da capacidade económica do suxeito pasivo.

ARTIGO 6 COTA TRIBUTARIA

6.1. Servizos xerontolóxicos e asistenciais:

a. Estancia no centro de día(*).

- o a1.- Mes de estancia xornada completa: **571,67 €**
- o a2.- Media xornada: **335,04 €**
- o a3.- Hora solta ou engadida á xornada: **9,27 €**
- o Servizo de transporte: **0,85 €/Km**

b. Consulta xerontolóxica:

- Xeral: **20,94 €**
- Específica: a determinar.

(*) O tempo de estancia máxima diaria no centro de día é de 8 horas. Excepcionalmente poderá permanecer unha hora diaria complementaria, tras o informe previo favorable do Servizo Sociocomunitario.

6.2. Servizos terapéuticos e de mantemento psicofísico (excepto hidroterapia):

- a.- Terapia rehabilitadora, 9 sesións: **15,70 €** mes.
- b.- Mantemento psicofísico - Danza do ventre, pilates: 9 sesións ao mes: **15,70 €** mes.
- c.- Musicoterapia, 9 sesións ao mes: **10,50 €** mes.
- d.- loga e relaxación- loga nenos/as-pais/nais – loga infantil: 9 sesións ao mes: **10,50 €** mes.
- e.- Estimulación mental, 9 sesións ao mes: **15,70 €** mes.
- f.- Ergonomía, 9 sesións ao mes: **10,50 €** mes.
- g.- Podoloxía:

Servizo	Prezo
Consulta xeral	21,00 €
Quiropodia	18,85 €
Uña encarnada con anestesia	41,90 €
Papilomas	52,35 €
Órtese de silicona interdixitais	16,75 €
Órtese de silicona tipo omega en U	26,20 €
Órtese de silicona en cresta e outras.	31,40 €
Patróns a medida	125,60 €

Sobre os prezos presentados establecerase un desconto de **2 €** en consulta xeral e quiropodia para maiores de 60 anos e/ou pensionistas.

6.3. Servizos de hidroterapia, masaxes e tratamentos especiais

Servizo	Prezo	
	>60 anos	outros
Bono de 5 sesións de hidroterapia	31,40 €	42,00 €
Bono de 8 sesións de hidroterapia	42,00 €	52,00 €
Bono de 10 sesións de hidroterapia	47,00 €	57,60 €
Sesión solta	8,40 €	10,50 €
Masaxe na zona lumbar	12,50 €	15,70 €
Masaxe na zona cervical	12,50 €	15,70 €
Lombo completo	15,70 €	21,00 €
Extremidades	10,50 €	15,70 €

6.4. Servizos socioculturais e de base ocupacional:

Servizo	Prezo
Restauración e bricolaxe	15,70 €
Obradoiros de destrezas manuais	15,70 €
Baile social de salón (NOVO)	15,70 €

6.5. Servizos de hostalaría, estética e lecer:

Servizo	Prezo
CAFÉ	0,65 €
CAFÉ DOBRE	0,75 €
CAFÉ CON XEO	0,75 €
CHOCOLATE	0,75 €

LEITE	0,65 €
INFUSIÓNS	0,65 €
AUGA	0,65 €
CERVEXA SEN ALCOHOL	0,75 €
CERVEXA	0,85 €
CERVEXA MIXTA	0,85 €
VIÑO RIOJA	1,50 €
CLARA	0,75 €
GASOSA 500 ml.	0,65 €
CARAMELOS	0,10 €
PATACAS FRITAS	0,70 €
CHOCOLATES	0,55 €
PALMEIRAS	0,30 €
VALENCIANAS	0,40 €
MADALENAS	0,30 €
PAQUETE DE GALLETAS	0,20 €
BOLIÑOS	0,40 €
MOSTO	0,75 €
REFRESCOS	0,75 €
ZUMES	0,65 €
Merenda de aniversarios familiares con animación	6,00 €
XANTAR DIARIO	6,30 €
TALONARIO SEMANAL	5,75 €
LAVAR, CORTAR E PEITEAR	6,80 €
TINGUIR, CORTAR E PEITEAR	15,20 €
MOLDEADO	15,20 €
MANICURA	3,40 €
MECHAS	14,65 €
TRATAMENTOS	1,15 €
MÁSCARA	2,25 €
AMPOLA	4,30 €
CELLA	2,80 €
BEIZO	1,80 €
QUEIXO	1,80 €
AMAÑO CORTE	3,65 €
CABALEIRO	5,20 €
PEITEAR	4,20 €
RECOLLIDOS	8,00 €
TINGUIR, PEITEAR	14,00 €
TINGUIR, MECHAS, PEITEAR	17,30 €
TINGUIR, MECHAS, CORTAR, PEITEAR	19,90 €
DOSE DE ESCUMA, PLIS, XEL...	0,80 €
MAQUILLAXE	3,70 €
BARBEADO	3,10 €
PEDICURA	4,70 €
PEDICURA E PINTADO	6,80 €

Xantar a domicilio: o prezo será o establecido no convenio entre o Concello de Narón e o Consorcio Galego de Servizos Sociais con quen se ten concertado a prestación do servizo.

Actuacións e eventos ordinarios: o prezo será de **3,15 €** por evento.

Eventos extraordinarios, viaxes, excursións e sendeirismo: estableceranse os prezos en función do evento, en cada caso.

Escola de verán: **172 € mes.**

Cando algún dos servizos contemplados nos apartados 6.2 e 6.4 deste artigo sexan directamente organizados e executados polo Concello de Narón, e levados a cabo nos centros a que se refire esta ordenanza, estarase en todo caso ás tarifas contempladas polo concello na Ordenanza fiscal reguladora por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario.

ARTIGO 7 COPAGAMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA. ACHEGA DA PERSOA USUARIA PARA ESTANCIA NO CENTRO DE DÍA

O usuario aboará en concepto de prezo público do centro de día, polos servizos contemplados no artigo 6.1 apartados a1 e a2, e polo custo de transporte prestado polo concello ou concesionaria, o importe íntegro concedido pola Xunta por dependencia, máis a **cota diferencial**, sendo esta a que resulte de aplicar a porcentaxe correspondente en función da capacidade económica do usuario á diferenza entre o custo máximo da estancia no centro de día e o custo concedido por dependencia.

Renda persoal	Cota diferencial	
CUSTO MÁXIMO PRAZA: 546 €/ MES		
CUSTO ESTIMADO TRANSPORTE: 0,50 € /Km		
Capacidade económica do usuario (CEU)	Bonificación da cota diferencial (CD)	Copago da cota diferencial (CD)
Igual ou inferior ao 100% do IPREM (**)	75% CD	25% CD
> ao 100% e < ou igual ao 125% do IPREM	65% CD	35% CD
> ao 125% e < ou igual ao 150% do IPREM	55% CD	45% CD
> ao 150% e < ou igual ao 250% do IPREM	45% CD	55% CD
Superior ao 250% do IPREM	-----	100%

Nos supostos nos que a persoa usuaria aínda non teña o recoñecemento da dependencia farase a liquidación de modo provisional estimando a efectos do cálculo como cantidade proporcionada por dependencia para os efectos do cálculo da bonificación e do copago, á do 75% do importe da estancia no centro de día, sen prexuízo da liquidación final unha vez se teña o recoñecemento de dependencia.

A asignación da tarifa contemplarase no informe que emitirá o/a técnico/a municipal responsable.

(**) Para estes efectos, a referencia ao IPREM, en aplicación do disposto no Real decreto-Lei 3/2004, do 25 de xuño, vén determinada pola contía anual con inclusión das pagas extraordinarias.

ARTIGO 8 DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA

Para os efectos do disposto no artigo anterior, para o usuario do centro de día, terase en conta a capacidade económica que lle fora recoñecida na resolución de dependencia da Xunta de Galicia. No caso de non coñecerse, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas coas que convive, economicamente dependentes, de acordo co establecido parágrafos seguintes:

1. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

2. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder.

Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

3. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

4. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: perceptor/a ou perceptores/as de rendas computadas e, se é o caso, o/a cónxuxe e os/as ascendentes, os/as fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

5. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos, e dun 1% os menores de 35 anos.

6. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

ARTIGO 9 OBRIGACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

9.1. A obriga de pagamento do prezo público regulado na presente ordenanza nace no momento en que se solicite a prestación ou se preste calquera dos servizos especificados nos artigos anteriores, coas seguintes particularidades para o centro de día:

a. O período impositivo no centro de día coincide co mes natural de prestación de servizos. A cota tributaria resultante da aplicación dos artigos 6 e 7 para o centro de día non poderá reducirse aínda cando a prestación do servizo non teña lugar durante todo o mes natural.

b. O prezo público retribúese co inicio do mes natural, agás nos caso de incorporación ao servizo con posterioridade a tal data, no que se retribuirá a taxa coa correspondente alta.

c. A liquidación da cota tributaria da estancia no centro de día practícarase por meses naturais e deberanas aboar os interesados nos cinco primeiros días de cada mes, por medio de domiciliación bancaria, na entidade ou entidades financeiras que indique o concello ou, se é o caso, o concesionario do servizo, que autorizará o solicitante, ou representante legal, por escrito, no momento da concesión.

d. A falta de asistencia do usuario ao centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

e. A falta de pagamento do prezo público levará consigo a perda da condición de persoa usuaria, nos termos establecidos no artigo 14 do Regulamento dos centros municipais de persoas maiores e centro comunitario integrado, do Concello de Narón.

9.2. Cando se trate de eventos ou servizos esporádicos ou extraordinarios de remuneración única, ao formular a solicitude ou inscrición.

9.3. Cando por causas imputables á persoa obrigada ao pagamento o servizo non se preste, procederáse igualmente ao pago do servizo.

9.4. As débedas por este prezo público poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

9.5. O pago efectuarase ao persoal destinado para tal efecto polo concello, ou pola entidade concesionaria do servizo.

ARTIGO 10 INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral, Lei xeral tributaria de dereitos e garantías dos contribuíntes, e demais normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Nos termos previstos no artigo 47 da Lei reguladora das facendas locais e normativa concordante, delégase na Xunta de Goberno Local a facultade de modificar o prezo público regulado nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.